

O PARQUE ROSALÍA · CENTENARIO DA SÚA CREACIÓN

# As costas do parque

1921

11

2021



O Balneario e o paseo da Tolda no primeiro termo, no último, á dereita a Cidade Cultural (Maxisterio, Instituto Feminio e a Escola de Comercio), á esquerda o Parque, na parte alta e baixa

## O proxecto de Efrén García Fernández

En 1961, o arquitecto Efrén García asina o anteproxecto de **ampliación do parque pola ladeira que mira ao Río Miño**. Propoñía dúas soluciones para que se escollese a de máis vantaxe. Ambas seguían a regra de reducir as obras de fábrica ás imprescindibles para o cómodo aproveitamento da ladeira e a súa comunicación coas vías de acceso. Mantíñase a norma de fácil conservación das superficies axardinadas, utilizando o céspede como elemento dominante e especies silvestres de flor, logrando así agradables masas de cor.

Unha vez terminada a formación do parque na parte alta da plataforma formada no Garañón coas espléndidas vistas sobre a ribeira do Miño, iniciouse unha segunda fase que incluía o **descenso cara á estrada de Santiago**.

Así en 1930 deuse conta dun proxecto elaborado para a parte baixa do parque polo xardineiro xefe do concello de Madrid, **Cecilio Rodríguez Cuevas**, ligado ao Parque do Retiro. A obra encargouse a Luciano Turc Bert, dedicado á construcción de parques e xardíns e a dirección xeral correu a cargo do arquitecto municipal, especialmente o referido á formación do Paseo de Coches.

A principios dos anos 50 apróbase a venda de terreo municipal para o proxecto de **urbanización da parte baixa do parque** e paralela á estrada de Santiago con destino a ser parcelada e dedicada á construcción de chalés, así como mellorar o acceso á cidade na parte que confina co hospital provincial.

### O ximnasio cuberto

Ante o crecemento pola afección aos deportes e o clima lucense, na




A Costa Grande do Baño vista desde San Lázaro e o proxecto de Efrén García

metade dos anos 50 pénssase en facer un Campo de Deportes cuberto na parte baixa do parque. En 1958 acórdase cambiarlle a denominación pola de Ximnasio Municipal para poder obter apoio económico. Sorprende que sendo Lugo unha cidade esquecida polas administracións sendo os últimos en case todo, fose este o **segundo Pavillón Cuberto que se fixo en España**.


A primeira fase da obra realizouse de 1960 a 1963 mentres que a segunda fase tivo lugar en 1964. As obras foron recibidas en 1964 en 1965 acordouse a recepción definitiva.

### A segunda Rolda

En 1969, a apertura da Segunda Rolda, á que se lle deu o nome de Avenida de República Arxentina, afectou á parte inferior das Costas do Parque, a antiga Costa Grande do Baño.



Rolda da República Arxentina



Escanéame para leerme en castellano!